

## CONRAD PERDIDO

Aquela mañá espertei aturdido, nun cuarto completamente escuro e cheirento, cunha morea de persoas ás que nin sequera podía ver. Mais eu sabía que estaban alí porque podía oílas respirar entrecortadamente, o que me resultaba incomodo e inquietante. Se te concentrabas, podías oír incluso o teu corazón latexar ás presas.

Non sabía como chegara alí e ó parecer naquela habitación non había ninguén que puidera explicalo. Intetei moverme a tentas e atopar algo parecido a un interruptor da luz, pero o único que conseguín foi batir unha e outra vez coas persoas que tiña o meu arredor. Mirei para o teito e as paredes buscando algo que se asemellase a una fiestra, pero non había nada máis que espesa escuridade. Canto máis espreitaba en busca dunha saída, máis aumentaba a sensación de que a habitación encollía pouco a pouco, ate que chegaría un momento en que se derrubaría derriba miña.

Pensei en berrar e pedir axuda, pero seguramente ninguén conseguiría oírme, a parte da xente da sala, ós que lles parecería irritante. Así que decidín permancer calado e quedo, e agardar a que pasara algo...ou alguén. Deducín que alí había persoas de diferentes nacionalidades, xa que batera con algúns na miña procura do interruptor, que lanzaran palabras malsoantes en voz baixa (cousa totalmente innecesaria dende o meu punto de vista).

O último que quería era caerlle mal a alguén que nese momento nin sequera podía ver. Pero se o mirábamos dende o lado bó non creo que as persoas coas que batín houberanme visto. Ou sí.

Mentras eu estaba pensando en todo isto, a habitación comezou a moverse, o que viña a significar que aquilo non podía ser una habitación en sí, ou polo menos eso era o que eu quería crer. Canto máis avanzaba fora o que fora o lugar onde estábamos presos, eu sentíame cada vez máis confuso, aturdido e magullado, pois os baches do camino facían que caeramos uns enriba dos outros. Podíase oír una música de fondo; pero

non era una música desagradable, todo o contrario. Era una balada rock, das que gustan a todo o mundo. É increíble o que a música pode chegar a transmitir e a significar para as persoas. Durante o tempo en que a música estivo soando (non sabería dicir canto), estiben tan concentrado en disfrutar dela que olvidei completamente a miña exasperante situación. Alguén cantaba ao son da música; a súa voz era aguda e un tanto desagradable, pero nada podía estropear a sensación do sangue percorrendo miñas veas; producíndome calafríos de xúbilo, cal pluma sobre papel. Pero sabía que non duraría eternamente. O transporte deu un brinco, que me fixo despertar do meu ensoño. Sen música nen nada que aliviase a miña sensación de realidade, aquilo resultaba demasiado incómodo e desagradable. Nese momento comencei a sentir como a escuridade daquel lugar se desplomaba sobre min, por non mencionar a dor de estómago debido ao medo e ós baches. Necesíataba saír de alí fose como fose.

O que aparentemente emepezei a entener que podía ser un vehículo, frenou de súpeto e todos nos empotramos contra a parte dianteira do lugar onde estabamos metidos. Unha muller corpulenta, de pelo cano, sacounos un a un do maletero dun Ford K negro, que agora podíamos identificar a plena luz do día.

O primeiro que fixen nada máis salir do maleteiro foi, coller una gran bocanada de aire, e soltala pouco a pouco. Xuro que nunca me sentirá tan asustado e desesperado, máis estas sensacións mesturábanse coa alegría de atoparme de novo ó aire libre.

Despois de este momento de confusión, albisquei ao meu redor, intentando saber donde nos atopabamos. Era una paisaxe mariña, cun paseo que rodeaba a praia, e un parque donde xogaban os cativos. Podía ulir o sal do mar, e as algas sobre a area. O aire fresco do serán acariciaba a nosa pel, mentres o sol se ocultaba lentamente tras o velo alaraxado do horizonte.

Todo parecía normal, lonxe de perigo algún, excepto pola gran dúbida de cara onde nos levaría a señora de pelo cano.

A muller, caracterizada por una constitución forte, e torpes andares; foi camiñando por una longa e transitada rúa, mentres que foi deixando ós meus compañeiros de viaxe, un a un en diferentes sitios. O primeiro quedou nunha árbore de follas amareladas, o segundo nun banco do paseo que percorría a beira do mar, o terceiro no xardín dun pequeno parque... ata que chegou a mín, o último e máis pequeno de todos. Deixoume con cuidado sobre a area da Praia Compostela e despideuse no que entendín que era una suave caricia, como se me coñecera, e me tivera aprecio.

Non sabía o porqué de todo esto que estaba a pasar. Confiaba en que alguén me recollese deste extraño e confuso lugar para mín, pero a xente pasaba, mirábame e seguía paseando pola praia como se fora un resto que a marea deixou na costa. Pouco a pouco foi anoitecendo e a Praia quedou vacía de xente, á vez que eu iba quedando sen esperanzas. Non entendía porque non parecía o suficientemente bo e interesante para os paseantes. Se cadra para moitos deles suponía una molestia, e outros moitos desviaban a súa mirada de mín.

Cando o o solpor se fixo dono da tarde, e caeu a oscuridade da lúgubre noite eu xa ficaba só no areal. Tiña medo e frío, pero intentei quedar durmido, acunado polo ir e vir do doce son das ondas da ría; mentres albiscaba as lonxanas constelacións, e sentía a calor da area desvanecerse debaixo do meu corpo. Despertei, finalmente o sentir que algo moi húmedo estaba a rozarme. Non sabía canto tempo levaba xa alí, pero parecía o suficiente para que se completara o ascenso da marea. A sensación da auga fría encollíame; non tiña escapatoria, cara onde moverme? Berrei e berrei pedindo axuda pero a esa hora ninguén podía oírme e non tiven resposta algunha. A miña voz víase afogada polo eco das miñas lágrimas sobre a area da Praia.

A marea foi cubrindome mentres eu intentaba escapar sen conseguilo. Unha onda arrastroume finalmente mar a dentro; a miña portada

enrrugouse e as miñas páxinas molláronse deixando correr a tinta das miñas letras, tinguindo a auga de negro, mentres as estrelas que aínda permanecían no ceo, choraban por este pobre libro que pretendía ser compartido a través do bookcrossing e que ninguén quixo por titularse: *El corazón de las tinieblas*.

Tristes e apaixonadas historias de mar adentro, ocultadas pola escuridade do tempo e a vanidade do ser humano. Para a miña desgracia, eu remato aquí, como remata o verán e comeza o inverno, como remata o branco e comeza o negro, como remata a luz e comenza a sombra, que pouco a pouco derrete o meu corazón de tinta.

Amaia Tomé Tomé